

MEMORIAS DUN NENO LABREGO

XOSÉ NEIRA VILAS



CINCUENTA ANIVERSARIO
1961- 2011



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

XOSÉ NEIRA VILAS

Xosé Neira Vilas naceu en novembro de 1928 en Gres (Vila de Cruces), Pontevedra.

En 1949 emigrou a Bos Aires (Arxentina), onde desempeñou traballos diversos.

Realizou estudos de comercio, música, xornalismo e literatura.

Na emigración coñeceu a numerosos intelectuais, escritores e artistas galegos: Luís Seoane, Rafael Dieste, Ramón Suárez Picallo, Lorenzo Varela, Ramón de Valenzuela...

Casou en 1957 con Anisia Miranda, cubana, e xuntos fundaron a editorial «Follas Novas» para difundir o libro galego en América.

Publicou en 1960 o poemario «Dende lonxe» e, en 1961, a novela «Memorias dun neno labrego», do que este ano se cumpren os cincuenta anos da súa edición. Nese mesmo ano, 1961, Neira e Anisia van residir a Cuba.

En 1969 fundou, en Cuba, a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística, que dirixiu durante vinte e dous anos. Dende 1983 ata que se xubilou, traballou como redactor-xefe da revista infantil Zunzún.

Nos trinta e un anos que viviu en Cuba escribiu a maior parte da súa obra literaria. Na Arxentina e en Cuba fixo investigacións sobre a presenza da emigración galega neses e noutros países de América, e deu a coñecer diversos libros arredor do tema.

Foi investido Doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña. É membro numerario da Real Academia Galega. Premio da Crítica Española e Premio da Crítica Galega.

Fóronlle outorgadas as medallas Castelao, Pedrón de Honra e a da Casa dos Poetas, en Celanova. Parte da súa obra foi traducida a outras linguas.

Na actualidade Neira Vilas vive en Galicia.




Caricatura de Antonio Palla

XOSÉ NEIRA VILAS



CAPA DA EDICIÓN DE 1976 DE «MEMORIAS DUN NENO LABREGO»,

QUE SABES DE NEIRA VILAS?



HORIZONTAIS

- 1.- Nome da revista infantil cubana da que Neira Vilas foi redactor-xefe.
- 2.- Localidade pontevedresa na que naceu o autor de «*Memorias dun neno labrego*».
- 3.- Primeiro país sudamericano ao que emigrou no ano 1949.
- 4.- Cidade galega onde está a universidade na que foi nomeado «*Doctor Honoris Causa*».
- 5.- País sudamericano no que viviu durante trinta e un anos.
- 6.- Vila galega na que lle concederon a medalla «*Casa dos Poetas*».
- 7.- Nome da súa muller.
- 8.- Editorial que fundou, xunto coa súa muller, para difundir o libro galego en América.
- 9.- Real Academia da que é membro numerario.
- 10.- Nome do fundador, en 1969, da Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística de Cuba.

1.- ZUNZUN 2.- GRES 3.- ARXENTINA 4.- CORUÑA 5.- CUBA
6.- CELANOVA 7.- ANISIA FOLLAS NOVAS 9.- GALEGA 10.- XOSÉ

Balbino. Un rapaz de aldea. coma quen di, un ninguén. E ademais, pobre. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa, a pesar do que lle aconteceu por causa miña.

No verán ando descalzo. O po quente dos camiños faime alancar. Magóanme as areas e nunca falta algunha brocha para espetáreme nos pés. Érgome con noite pecha, ás dúas ou tres da mañá, para ir co gando, restrebar ou xuntar monllos. Cando amañece xa me doe o lombo e as pernas. Pero o día comeza. Sede, sol, moxardos.

No inverno, frío. Ganas de estar arreo ó pé do lume. Muíños apeados. Faladurías de neves e lobos. Os brazos son coma espeteiras para encolgar farrapos. Murnas, fridas, dedos sen tentos.

!Que saben disto os nenos da vila!

Eles ignoran o que eu penso mentres boto ó corpo un gurrucho de caldo con broa. Ou o que sinto cando estou no monte pingando, aterecido, vendo por entre a chuvia un fantasma bretemoso en cada árbore.

A aldea é unha mestura de lama e fume, onde os cans ouvean e a xente morre «cando está da man de Deus», como di a madriña. Os rapaces somos tristes. Enredamos, corremos tras dos foguetes e ata rimos, pero somos tristes. Temo a pobreza e os trafegos da terra aniñados nos ollos.

Eu quixera andar mundo. Ir por mares e terras que non coñezo. Nacín e crieime na aldea pero agora síntoa pequena, estreita. Coma se vivise nun cortizo. Teño pensamentos que non lle podo contar a ninguén. Algúns non me entenderían e outros chamaríanme tolo. Por iso escribo. E depois durmo coma unha pedra. Quedo desatafegado, libre, coma se me quitasen de enri-



DEBUXO DE DÍAZ PARDO PARA «MEMORIAS DUN NENO LABREGO». EDICIÓN DE 1976

VOCABULARIO

alancar: andar a zancadas.

brocha: punta, cravo.

espetáreme: claváreme algo.

restrebar: sementar.

monllos: feixes de plantas.

moxardos: mosquitos

apeados: parados.

espeteiras: barrotos de madeira.

murnas: manchas producidas polo lume.

fridas: feridas

gurrucho: grolo, porción de líquido que se bebe dunha soa vez.

trafegos: traballos.

cortizo: colmea das abellas.

desatafegado: destapado.


ba un bocoi. ¡Cousas miñas! E tamén de Smith, o capitán que estivo na guerra e cando voltou para a casa púxose a escribir todo o que lle acontecera. Así está nun libro que me trouxo o Landeiro.

¡Se eu fixese un libro! Nin falar. Ogallá que non me atopen o caderno. Daríame vergoña. E non é para menos. Porque nel baleiro todo o que sinto. Moi pouca xente o fai. Todos abren o peteiro para dúas cousas: para dicir a verdade ou para arredarse dela.

Na miña casa non me comprendían. E outro tanto aconteceme na do Landeiro. Iso é o peor que lle pode suceder a un, pero a moita xente non se lle dá.

Eu non sei se esvarío. Vexo o mundo darredor de min e adoezo por entendela. Vexo sombras e luces, nubeiros que viaxan, lume, arbores. ¿Que é todo isto? Ninguén me di, poño por caso, para que serven as estrelas, nin onde morren os paxaros. Sei de certo que moitísimos anos antes de nacer eu xa había sol e penedos e fuxía a auga polo río. E estou seguro de que todo seguirá igual despois de que eu morra. Virá máis xente, e máis, tripando uns nos outros, esquecéndose adrede dos que morreron, coma se non houbesen vivido.

Escribir no caderno -¡quen o diría!- é coma baldeirar o corazón. Parece un milagre. Pois á fin de contas non pasa de ser unha conversa comigo mesmo. Pero para min é milagre todo. Dende as pingueiras da chuvia ata o canto do grilo. Aínda que se me ocorrese facer un libro, como fixo Smith, de pouco valería o que contase, Smith estivo na guerra, e eu son apenas «o neno», como me chaman na casa. Son Balbino. Un rapaz da aldea. Un ninguén.



DEBUXO DE XAQUÍN MARÍN PARA «MEMORIAS DUN NENO LABREGO». EDICIÓN DE 2011

VOCABULARIO

baleiro: *vacío.*

tripando: *pisando, esmagando, asoballando.*

COMPRENDICHES O TEXTO?

1.- Quen é Balbino?

2.- Como anda no verán?

3.- A que horas se ergue?


4.- Como define a súa aldea?

5.- Quen é Smith?

6.- O título deste primeiro capítulo de «Memorias dun neno labrego» é Eu son...,
Inventa outro título para este mesmo capítulo.

7.- Fai un resumo do texto contando alguna das dúbidas que tiña Balbino sobre a súa vida e a súa existencia.

DOMINAS O VOCABULARIO?



HORIZONTAIS

- 1.- Parados.
- 2.- Grolo, sorbo.
- 3.- Sementar algunha planta.
- 4.- Mosquitos.
- 5.- Asoballando, esmagando, pisando.
- 6.- Cravo, punta.
- 7.- Manchas producidas polo lume.
- 8.- Feixes de plantas.
- 9.- Vacío.
- 10.- Feridas.
- 11.- Andar a zancadas.
- 12.- Colmea das abellas.

1.- APEADOS 2.- GURRUCHO 3.- RESTREBAR
 4.- MOXARDOS 5.- TRIPANDO 6.- BROCHA
 7.- MURNAS 8.- MONLLOS 9.- BALEIRO
 10.- FRIDAS 11.- ALANCAR 12.- CORTIZO

PACHÍN

Nun tempo disque falaban os animais. Andrómenas. Está ben que se lle conte a nenos da teta, pero non a min que levo rillado catro codias. Todos os días estase a refacer a verdade. Fai unha chea de tempo que non oio falar seriamente do «Anxo da Garda», nin dos Reis Magos. E quen sabe cantas cousas máis que hoxe teño por certas irán cambiando en min. Voume afastando do berce, coma quen di. Boa estaría que os animais falasen coma nós. Os paxaros, o gando, as lebres. ¡Que rebumbio! Talvez se entendan sen conversar, ou non precisarán entenderse. Hai moitos homes e mulleres que parolan na mesma linguaxe e tampouco se entenden.

Miña nai tenme dito que lle gustaría ver, sequera por un intre, o río baldeiro, sen auga. A min, tamén. Pero aínda me houbese chistado máis escoitar un parrafeo entre vacas, porcos ou galiñas... ¡cantas cousas se cavilan! E todo dende que tiven a Pachín.

Porque Pachín si que falaba. A súa maneira. Falaba cos ollos, co rabo, coas patas. Eu entendíao tan ben coma se pronunciase palabras. Non parecía un can. Teña entendemento de persoa.

Antes de nacer eu, tiveran a Rabeno. Déranllo ó padriño en Silleda. Disque era grande, fero, requestado do lobo. Miguel coñeceuno. Pero un día o Rabeno adoeceu e houbo que matalo. Meu pai zorregoulle un tiro coa escopeta, detrás do palleiro.

Pachín era pequenote, marelo. Tiña unha penca no fuciño que lle lucía moi pavera cando trizaba. Gustáballe barullar pola mañá. Un xeito de saúdo. Os seus ladros de chós ían dirixidos ás arbores e ós paxaros. ¡Como se divertía choutando pola eira adiante!

Disque cando un can ouvea é porque venta



DEBUXO DE XAQUÍN MARÍN PARA «MEMORIAS DUN NENO LABREGO». EDICIÓN DE 2011

VOCABULARIO

Andrómenas: embustes, trolas.

rillado: comer, roer

codias: cascas, tonas, costras.

afastando: apartando, separando.

berce: leito onde durmen os nenos e nenas máis pequenos.

rebumbio: alboroto, balbordo.

requestado: animal nacido de pais de diferentes razas.

penca: pequena mancha que sae polo corpo.

trizaba: destrozaba, rompía

chós: alegría.

eira: lugar onde queda colocada a palla.

morte. Pachín nunca ouveaba. Ou tiña mal as ulideiras, ou cicais non lle chistase pregoar enteiros. El era alegre, compangueiro. Faltáballe rir. E riría, digo eu, pois en veces recachaba a dentamia como quen está ledo.

Non había can máis chusco na comarca. A todos lles gustaba. Déranolo o Zoqueiro de Ribán, en pago de terlle cravuñado meu pai unha gadaña. Tróuxeno eu no colo.

-Ha de ser fero -non sei quen dixo-, porque ten negro o ceo da boca.

Pero non acertou. Pachín talvez botase de conta que está mal andarlle trabando as canelas á xente. Alporizábase se o encirraban, máis non era de usar os dentes para atenazar a ninguén. Cando me deixaban só na casa, xogaba con el. Corriamos xuntos pola horta coma se estivésemos perseguindo coellos. Despois sentabámonos ó pé da cerdeira grande. A min esvábame a suor polas fazulas, e Pachín folguexaba de présa, coa lingua fóra.

Algúns rapaces sentían envexa. Amoláballes que eu tivese un cadelíño así. Pachín decatouse e resolveu non aturarlle brincadeiras a ninguén. Cando un xalgarete lle guindaba pedras ou o encirraba, íaselle enriba coma un lóstrego, rosmando, cos dentes regañados.

-Non tolees, Pachín -díciálle eu-. Ti non mordes pero abúralos; méteslles grimos e un día vante derrear.

Pachín poñíame as patas dianteiras no peito, mirábame cos seus ollos grandes e abaneaba o rabo. Era coma se baduase: «Ti déixame, que ben sei o que fago».

Miña tía Carme vai á fonte coa sella todas as mañás. E amais da auga trae decote algunha nova. Un día contou que atopara chorando á muller do ferrador, porque a noite pasada entráralle o raposo no galiñeiro e arramplara con nove galiñas. Primeiro remexeu nas lousas do cumio, e vendo que a ripa era tupida, deu na estrucia de abrir un tobo por debaixo da porta.



DEBUXO DE DÍAZ PARDO PARA
«MEMORIAS DUN NENO LABREGO».
EDICIÓN DE 1976

VOCABULARIO

ouvea: ladra de forma prolongada.

ulideiras: olfato

compangueiro: que quere quedar ben con todos.

recachaba: abrir, amosar.

dentamia: conxunto de dentes..

cravuñado: afiado.

trabando: trincar, morder.

canelas: óso da tibia..

alporizábase: enfadábase.

encirraban: botaban contra alguén.

folguexaba: respiraba.

xalgarete: pillabán, descarado.

regañados: ameazantes.

abúralos: queimaos.

grimos: arrepiós, irritación.

baduase: dixera tonterías.

ripa: táboas do tellado.

tupida: grossa.

Aquela mañá eu fora co gando a Zanca Vella, e mentres procuraba niños achei nunha toxeira o «depósito» do raposo. As nove galiñas estaban alí, mortas. Darredor había sangue e plumas.

Deixei o gando e fun a valmontes ó lugar do ferrador para contarlle a topadela. Pachín corría á miña beira. Un veciño, que é cazador, dixo que cumpría facer as cousas con moita cautela, pois se o raposo se decataba de que lle deramos co almacén, non habería maneira de vingarse del.

Foron ver o boticario, quen pediu que lle levasen polo menos dúas galiñas. Así se fixo. Cortoulles o pescozo e meteulles dentro un solimán. Pousáronas outra vez na toxeira con mentes de envelenar o raposo. Pero non aconteceu así. Quen apareceu morto de alí a dous días na Zanca Vella foi Pachín; o meu amigo Pachín.

Cando o vin sen alento, estarricado entre unhas queiroas, non quería dar creto ós meus ollos. Como soño tantas cousas, pareceume por un instante que estaba a soñar; que non era certo. Pero non soñaba. Pachín morrera. Caera na trampa que fora arranxada para o raposo.

Tróuxeno do monte. Cunha legoña abrín na horta un burato fondo, alongado, e deille terra ó seu corpo. Coido que chorei. Non me avergoño de dicir que chorei. Fun acochándoo ó xeitiniño coa terra fresca. Coma se o cubrise cunha manta.

A xeito de lousa plantei unha cerdeira derriba do meu amigo. Cando abrollou, coidei ver en cada gromo un ollo ou un dente de Pachín. E pareceume que dende as raíces chegaban uns ladriños agarimosos.



DEBUXO DE DÍAZ PARDO PARA
«MEMORIAS DUN NENO LABREGO».
EDICIÓN DE 1976

VOCABULARIO

estrucia: *astucia.*

valmontes: *campo a través.*

topadela: *descubrimiento, achádeggo.*

solimán: *veleno.*

estarricado: *estirado.*

queiroas: *arbusto de follla perenne.*

legoña: *sacho grande.*

acochándoo: *cubrindo, tapando.*

ó xeitiniño: *con coidado, a modo.*

abrollou: *botou os primeiros gromos.*

gromo: *xema da árbore.*

agarimosos: *cariñosos.*

COMPRENDICHES O TEXTO?

1.- Explica o significado destas expresións:

Nenos da teta

*

Voume afastando do berce

*

Parolan na mesma linguaxe e non se entenden

*

2.- Balbino describe a Pachín. Fai ti unha descrición doutro animal.

3.- Localiza e escribe o nome de tres lugares que aparecen no texto.

4.- Poidera ser que o raposo non roubara as galiñas e que o auténtico ladrón fora Pachín? Razona e escribe a túa resposta.

A SOPA DE LETRAS



Localiza nesta sopa de letras estas dez palabras do vocabulario que aparece no texto de Pachín:

ANDRÓMENAS	RILLADO	CODIAS	BERCE	REQUESTADO
PENCA	EIRA	ULIDEIRAS	XALGARETE	GRIMOS